



# PLAN DE FORMACIÓN **AFEDAP 2022**



AXENCIA GALEGA  
DE COÑECAMENTO  
EN SAÚDE



## ÍNDICE

Convocatoria. Bases .....	03
Cursos de <b>teleformación</b> .....	10
Cursos de <b>autoformación</b> .....	51
Cursos <b>presenciais</b> .....	66
Cursos de <b>simulación</b> .....	98

As actividades formativas incluídas nesta guía poden sufrir cambios nas súas datas, horarios e lugares de realización.

Recoméndase consultar <https://acis.sergas.gal/> para obter os datos actualizados.



## **Resolución conxunta do 17 de xaneiro de 2022, da Dirección Xeral de Recursos Humanos e da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, pola que se convoca o Plan de formación continua para o persoal do Servizo Galego de Saúde.**

Os coñecementos e capacidades dos/as profesionais do Servizo Galego de Saúde e entidades adscritas á Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde determinan, en gran medida, a calidade dos servizos sanitarios dispensados aos usuarios/as.

Neste sentido, a formación continua amósase como unha das ferramentas máis adecuadas para mellorar e adecuar, pola vía da capacitación dos/as profesionais, os servizos sanitarios ás demandas dos/as usuarios/as.

Para tal fin, xa en anos anteriores foron aprobados e executados, no marco dos acordos de formación continua, os plans de formación continua do persoal do Servizo Galego de Saúde e entidades adscritas á Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde. Os citados plans tiveron un alto grao de participación e aceptación por parte do persoal, e abrangueron a totalidade das profesións que se desenvolven no organismo.

A través dos plans formativos búscase fomentar o aprendizaxe permanente dos profesionais e impulsar o desenvolvemento das competencias profesionais ao longo da súa carreira profesional.

O plan de formación é un instrumento que contribúe decisivamente á actualización dos coñecementos e competencias dos profesionais, tendo a formación un papel relevante no baremo ordinario de carreira profesional que será aplicable nas vindeiras convocatorias para acceder a novos graos de carreira profesional.

O plan deseñado para o ano 2022 integra unha oferta formativa ampla e especializada, que inclúe tanto contidos de carácter transversal como específicos dos distintos postos de traballo e perfís profesionais, permitindo aos profesionais mellorar a súa cualificación e capacitación profesional.

O plan supón unha aposta polas diferentes contornas de aprendizaxe e metodoloxías, mediante a distribución da oferta formativa nas modalidades de teleformación, telepresenza, autoformación, e formación presencial, que será impartida respectando todos os protocolos hixiénico-sanitarios. Coa aposta polas modalidades de formación telemática, preténdense facilitar o acceso á formación e promover a conciliación dos profesionais. Búscase xerar contornas de aprendizaxe que faciliten un desenvolvemento de competencias profesionais dos profesionais que sexa flexible, adaptativo, avaliable e certificable.

O Plan formativo para o ano 2022 contará con 484 actividades, o que supón un incremento do 26,7 % con respecto ao ano anterior.



No que se refire a horas de formación, sen incluír a actividade de autoformación, a programación para este ano será de 6.000 horas de formación, un 20% máis que na programación anterior. Desta formación, 212 actividades corresponden á modalidade de teleformación e 236 serán actividades presenciais, das que 21 serán impartidas nas aulas de simulación médica avanzada.

Ademais o plan deste ano recolle 27 actividades dispoñibles durante todo o ano e cada unha delas con prazas ilimitadas.

O Plan de formación para o ano 2022 representa unha clara aposta polo desenvolvemento profesional do persoal do Servizo Galego de Saúde e entidades adscritas á Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde, e pretende potenciar aquelas competencias que resultan esenciais no marco da asistencia sanitaria e as vinculadas as novas necesidades formativas derivadas da situación de pandemia que estamos a vivir.

A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), creada por Decreto 112/2015, do 31 de xullo, ten como un dos seus fins xerais e obxectivos básicos a xestión da formación no Sistema público de saúde de Galicia. Por outra parte, á Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde correspóndelle a negociación do contido do plan coas organizacións sindicais, así como a negociación e aprobación dos criterios de selección dos participantes nas distintas actividades formativas.

Este plan foi impulsado no seu deseño e elaboración pola Dirección Xeral de Recursos Humanos e a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) a través do Consello de Formación Continua, composto por representantes do Servizo Galego de Saúde, da ACIS e das organizacións sindicais CIG, CC.OO., UGT e CSI-F, asinantes do acordo de formación continua.

Como resultado da análise de necesidades formativas, que se leva a cabo coa participación dos/as profesionais e os mandos intermedios de todas as categorías e áreas sanitarias, a Área de Xestión do Coñecemento e Talento de ACIS elaborou unha proposta de actividades formativas que se presentou no seo do Consello de Formación Continua do Servizo Galego de Saúde.

Por todo iso e coa finalidade de darlle á formación a continuidade adecuada que a faga realmente efectiva, a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, logo do informe favorable das centrais sindicais CIG, CC.OO., UGT e CSI-F, xunto coa ACIS, resolve facer pública a convocatoria para participar nas actividades formativas que conforman o Plan de formación continua do persoal do Servizo Galego de Saúde para o ano 2022, elaborado no marco do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas (Plan Afedap), que deberá resolverse consonte as bases que, a seguir, se indican.

A execución das actividades formativas recollidas neste Plan queda condicionada á existencia de crédito orzamentario adecuado e dispoñible.



## BASES

### **Primeira.-** Requisitos de participación.

Poderán participar nas accións formativas do Plan Afedap todas/os as/os profesionais que presten ou prestasen servizos nas institucións do Servizo Galego de Saúde, as/os profesionais que estean formándose como especialistas en Ciencias da Saúde (persoal residente en formación), as/os aspirantes a vinculacións temporais no ámbito das institucións do Sistema Público de Saúde de Galicia, ao abeiro do Pacto de selección temporal vixente en cada momento, así como o persoal pertencente ás entidades adscritas á Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde, integrado no réxime estatutario.

As persoas interesadas en participar nas actividades formativas deberán cumprir os requisitos esixidos para cada curso.

Non poderán participar nas actividades formativas presenciais as persoas solicitantes incluídas na listaxe de persoal seleccionado que, ao inicio do curso, se atopen en situación de baixa laboral por incapacidade temporal. Esta incidencia comunicarlalla, por escrito, a persoa afectada á ACIS, para os efectos de cubrir a vacante e evitar a penalización que comportaría a súa falta de comunicación, prevista na cláusula sexta.

O persoal que estea desfrutando dun permiso por parto, adopción ou acollemento tanto preadoptivo como permanente ou simple, adopción internacional ou excedencia para o coidado de fillos e familiares poderá participar nas actividades formativas, consonte establecen os artigos 121, 122 e 176.7 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e a disposición adicional décimo novena, punto trece da Lei orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

### **Segunda.-** Solicitudes.

As persoas que desexen participar nas actividades formativas convocadas nesta resolución deberán cubrir o formulario de preinscrición telemática na páxina web da ACIS (<http://acis.sergas.es>).

A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección das persoas aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso solicitado, así como á imposibilidade de participar en ningunha outra actividade formativa nos doce meses seguintes. A ACIS reserva para si o dereito a solicitar a información necesaria para verificar tales datos.

Serán excluídas automaticamente aquelas solicitudes que non teñan consignados correctamente os datos necesarios para realizar o proceso selectivo das persoas solicitantes.

Aínda así, durante o prazo de inscrición, en caso de erro ao cubrir a solicitude, poderá anularse esta, utilizando o procedemento establecido na base sexta desta convocatoria e realizar, de ser o caso, unha nova petición (sen superar o máximo das seis inscricións anuais permitidas).



Ante eventuais incidencias, as/os aspirantes deberán imprimir unha copia do formulario de preinscrición enviado telematicamente ou conservar o que recibisen no seu correo electrónico, para o cal deberán prestar especial atención na consignación de datos, comprobando que o enderezo de correo electrónico estea correctamente consignado.

As/os profesionais incluídos no artigo 93 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e na disposición adicional décimo novena da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, ademais das persoas discapacitadas, cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, que desexen que se lles teña en conta, para os efectos do disposto na base cuarta, deberán remitir, no prazo establecido para o envío da solicitude de preinscrición, a certificación orixinal ou fotocopia legalizada acreditativa da súa situación ao seguinte enderezo:

Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS). Avenida Fernando de Casas Novoa. Edificio CNL, nº 37, portal A-1ª planta, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña).

A consignación dos datos da solicitude e o seu envío telemático non implicará a admisión inmediata á actividade formativa seleccionada, que se producirá nos termos indicados na cláusula quinta.

Só se poderá solicitar a participación nun máximo de seis actividades formativas por ano.

### **Terceira.-** Prazos de inscrición.

A partir do día seguinte ao da publicación desta Resolución no Diario Oficial de Galicia ata un mes antes do inicio de cada actividade formativa.

### **Cuarta.-** Criterios de selección de participantes.

Os criterios de selección para participar nas accións formativas convocadas ao abeiro do Plan de Formación Continua para o persoal do Servizo Galego de Saúde serán os que a seguir se detallan, tendo en conta que, en todo caso, se reservará en cada actividade formativa unha cota do 5 % para ser cuberta por persoas discapacitadas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, sempre que poidan acreditarlo e cumpran os requisitos establecidos na convocatoria para cada actividade:

1. Resultar, a persoa solicitante, destinataria da concreta actividade formativa, de conformidade co establecido no anexo para cada curso.
2. Unha vez aplicado o criterio anterior, de existir máis solicitudes que prazas, terán prioridade as/os aspirantes que realicen tarefas máis directamente relacionadas co contido básico e obxectivos do curso. Con esta finalidade, na solicitude deberán detallarse as tarefas que sexan máis representativas do posto de traballo e que garden relación específica cos contidos da actividade; non se valorarán as funcións que non fosen indicadas.



3. Menor número de cursos realizados nos cinco anos anteriores.
4. Terán prioridade os profesionais con vínculo fixo sobre os temporais.
5. Terán prioridade os empregados públicos que acrediten maior tempo de servizos prestados no ámbito de institucións sanitarias públicas da Unión Europea. Este dato facilitaráselle directamente á ACIS das bases de datos de persoal. A persoa solicitante deberá achegar unicamente, nos prazos establecidos para o envío das solicitudes de preinscrición, certificación orixinal ou copia compulsada dos servizos prestados fóra do Sistema Público de Saúde de Galicia, que deberá ser remitida á Dirección da Axencia.
6. En cada un dos tres puntos anteriores, terán preferencia na selección as/os aspirantes que nos últimos dous anos estean utilizando ou utilizasen unha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia para coidado de familiares, de acordo co previsto no artigo 93 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

Así mesmo, terán preferencia para participaren nas actividades formativas as/os aspirantes que, durante o ano anterior á data de publicación desta convocatoria, se incorporasen ao servizo activo procedentes do permiso de maternidade ou paternidade, ou reingresasen desde a situación de excedencia por razóns de garda legal e atención a persoas maiores dependentes ou persoas con discapacidade, de acordo co previsto no artigo 60.1 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Ademais, e de conformidade co disposto no artigo 50 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade nos cursos, xornadas ou outras actividades formativas organizadas ou financiadas pola Administración pública galega reservarase un cincuenta por cento das prazas a mulleres que reúnan os requisitos exixidos na convocatoria, que accederán á quenda reservada só se non houberse suficientes solicitudes de participación de mulleres.

7. Por último, no caso de empate, resolverase por sorteo.
8. No caso de quedar prazas vacantes, tamén poderán participar nas accións formativas do Plan Afedap as/os profesionais que estean formándose como especialistas en Ciencias da Saúde (persoal residente en formación).

Os créditos concedidos polo Sistema Acreditador da Formación Continuada das profesións sanitarias na Comunidade Autónoma de Galicia non son aplicables aos profesionais que estean formándose como especialistas en Ciencias da Saúde (persoal residente en formación) aos efectos do seu programa formativo.

9. ACIS poderalles ofrecer ás/aos admitidas/os nunha actividade formativa anulada, a súa incorporación voluntaria noutra edición desa mesma actividade, sempre que nesta última haxa vacantes. Neste suposto, o chamamento ás/aos admitidas/os será pola orde de admisión da actividade anulada.



#### **Quinta.-**Publicación das listaxes de admitidos/as.

Unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase na páxina web da ACIS a listaxe provisional de admitidas/os e excluídas/os na acción formativa concreta, así como as causas da súa exclusión.

Ademais, enviarase un SMS a xeito de recordatorio ás/aos admitidas/os en cada acción formativa, sempre que se dispoña na base de datos da ACIS dun número de teléfono móbil. Estas mensaxes son simplemente informativas e non eximen ás/aos aspirantes de consultar a páxina web da ACIS.

As/os aspirantes excluídas/os disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da listaxe provisional, para poder emendar, de ser o caso, o defecto ou defectos que motivasen a exclusión e formular as reclamacións que coiden pertinentes.

Unha vez rematado o prazo e resoltas pola ACIS as reclamacións presentadas, logo de informe da comisión paritaria respectiva, de ser o caso, publicarase na páxina web da ACIS, cunha antelación mínima de cinco días naturais ao inicio do curso, a listaxe definitiva de admitidas/os e excluídas/os.

En ningún caso se admitirá a asistencia de persoas na condición de oíntes.

#### **Sexta.-**Anulación de reserva.

Se a/o aspirante seleccionada/o para a realización dunha actividade formativa decide non asistir a ela, deberá comunicar a súa renuncia a través da páxina web da ACIS cunha antelación mínima de catro días naturais á data fixada para o inicio da citada actividade.

De non facelo así, e agás motivo xustificado, baseado en causa de forza maior ou acontecemento imprevisible, non será admitida/o en ningunha outra actividade formativa no transcurso dos doce meses seguintes.

#### **Sétima.-** Certificación de asistencia.

Os/as profesionais que superen as actividades en que sexan admitidos terán á súa disposición a certificación, que poderán visualizar no seu expedient-e (Fides), que estará validada de xeito automático. As certificacións emitiranse en formato dixital e cada persoa poderá descargarlas dende o seu perfil da ACIS.

Así mesmo, estarán dispoñibles en formato dixital dende "O perfil ACIS" (<https://acis.sergas.es/cartafol/O-meu-perfil>) as certificacións de todas as actividades formativas realizadas con posterioridade ao 1 de xaneiro do ano 2009. Poderanse emitir certificacións de anos anteriores ao 2009 nos casos en que sexa solicitado pola persoa interesada, vía correo electrónico ([certificacions.acis@sergas.es](mailto:certificacions.acis@sergas.es)) e xustificando o motivo desta solicitude.





Para considerar que a acción formativa se superou, ten que constatarse a asistencia ás horas lectivas cunha ausencia máxima do 10 % da súa duración, para o cal, durante o desenvolvemento da actividade, as persoas participantes deberán asinar nos controis de entrada e saída que se establezan. Ademais, no suposto de que os cursos esixan a realización dalgunha proba ou traballo, expediráselles o certificado unicamente ás/aos alumnas/os que a superen.

No caso de actividades formativas que teñan unha parte de teleformación deberanse completar os contidos, probas ou tarefas que se inclúan segundo se indica na guía que recibirá a/o alumna/o antes do inicio do curso.

Aquelas persoas que non obtivesen a certificación poderán solicitar a revisión do seu caso sempre que o curso fose impartido no ano inmediatamente anterior.

Santiago de Compostela, a 17 de xaneiro de 2022

A Directora Xeral de Recursos Humanos  
do Servizo Galego de Saúde

Ana María Comesaña Álvarez

O Xerente da Axencia Galega para a Xestión do  
Coñecemento en Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo

PLAN DE  
FORMACIÓN  
**AFEDAP 2022**

CURSOS DE  
**TELEFORMACIÓN**



## MANEXO DO PACIENTE HIPERTENSO EN ATENCIÓN PRIMARIA PARA MEDICINA

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 50

**Destinatarios:** médicas/os de atención primaria.

**Obxectivos:** adquirir coñecementos para unha abordaxe integral nos pacientes hipertensos: coñecer os criterios actuais no diagnóstico da hipertensión arterial relacionada co risco cardiovascular de cada individuo. Risco cardiovascular: definición e manexo. Analítica, probas complementarias no manexo do risco cardiovascular. Deseñar o tratamento farmacolóxico da hipertensión arterial, novos fármacos antidiabéticos para o uso na enfermidade cardiovascular. Inercia terapéutica.

Código	Modalidade	Datas
2209093	TELEFORMACIÓN	Do 4 ao 19 de abril de 2022
2209094	TELEFORMACIÓN	Do 19 setembro ao 3 de outubro de 2022

## MANEXO DO PACIENTE HIPERTENSO EN ATENCIÓN PRIMARIA PARA ENFERMARÍA

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 50

**Destinatarios:** enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e enfermeiras/os de atención primaria e matronas.

**Obxectivos:** adquirir coñecementos para unha abordaxe integral nos pacientes hipertensos. Manexar a avaliación xeral dun paciente con risco cardiovascular desde a consulta de enfermaría. Identificación de novos casos. Coñecer as probas complementarias na consulta de enfermaría. Controlar a un paciente hipertenso: tratamento e seguimento.

Código	Modalidade	Datas
2209095	TELEFORMACIÓN	Do 25 de abril ao 9 de maio de 2022
2209096	TELEFORMACIÓN	Do 10 ao 24 de outubro de 2022





## URXENCIAS PSIQUIÁTRICAS E INTERVENCIÓN EN CRISE PARA MEDICINA

Nº de horas: 16

Nº de prazas: 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) médicas/os de servizos de urxencias e PAC. 2º) resto de médicas/os de unidades ou centros non adscritos á saúde mental.

**Obxectivos:** coñecer as pautas de actuación ante unha persoa con patoloxía mental ou en situación de crise. Adquirir coñecementos teóricos básicos sobre as diversas patoloxías psiquiátricas máis prevalentes. Instruír nas diversas formas de manexo do paciente psiquiátrico en situación de descompensación. Familiarización con fármacos de uso máis habitual nas urxencias psiquiátricas.

Código	Modalidade	Datas
2209097	TELEFORMACIÓN	Do 4 ao 25 de abril de 2022
2209098	TELEFORMACIÓN	Do 19 de setembro ao 10 de outubro de 2022

## URXENCIAS PSIQUIÁTRICAS E INTERVENCIÓN EN CRISE PARA ENFERMARÍA

Nº de horas: 16

Nº de prazas: 50

**Destinatarios:** enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en saúde mental, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e técnicas/os auxiliares de enfermaría. Por orde preferente: 1º) servizos de urxencias e PAC. 2º) resto de unidades ou centros non adscritos á saúde mental.

**Obxectivos:** coñecer as pautas de actuación ante unha persoa con patoloxía mental ou en situación de crise. Adquirir coñecementos teóricos básicos sobre as diversas patoloxías psiquiátricas máis prevalentes. Instruír nas diversas formas de manexo do paciente psiquiátrico en situación de descompensación. Familiarización con fármacos de uso máis habitual nas urxencias psiquiátricas.

Código	Modalidade	Datas
2209099	TELEFORMACIÓN	Do 9 de maio ao 30 de maio de 2022
2209100	TELEFORMACIÓN	Do 17 de outubro ao 7 de novembro de 2022



## PREVENCIÓN SECUNDARIA CARDIOVASCULAR CARA Á CONTINUIDADE DOS COIDADOS

Nº de horas: 15

Nº de prazas: 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) enfermeiras/os da área cardiovascular e fisioterapeutas de atención hospitalaria. 2º) resto de enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, fisioterapeutas e médicas/os de atención primaria e hospitalaria.

**Obxectivos:** coñecer o Programa multidisciplinar de Rehabilitación Cardíaca (indicacións, contraindicacións, fases, compoñentes...) como unha ferramenta terapéutica tras padecer unha síndrome coronaria aguda. Comprender o proceso asistencial integrado da rehabilitación cardíaca. Dispoñer das competencias necesarias para a prescrición de exercicio físico de forma segura no paciente cardiolóxico. Identificar e manexar os signos de alarma neste tipo de pacientes. Resolver casos reais.

Código	Modalidade	Datas
2209101	TELEFORMACIÓN	Do 5 ao 26 de abril de 2022
2209102	TELEFORMACIÓN	Do 20 de setembro ao 11 de outubro de 2022

## SEGURIDADE NA PREPARACIÓN, ADMINISTRACIÓN E TRANSPORTE DE CITOSTÁTICOS

Nº de horas: 5

Nº de prazas: 100

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) farmacéuticas/os, enfermeiras/os, técnicos en farmacia, técnicos en coidados auxiliares de enfermaría e celadores das unidades de Farmacia, Oncoloxía, Hematoloxía e Hospital de Día. 2º) enfermeiras/os e técnicos en coidados auxiliares de enfermaría de consulta de alerxia. 3º) resto de persoal sanitario.

**Obxectivos:** coñecer a normativa e os conceptos básicos sobre riscos laborais derivados da exposición a axentes citostáticos. Adquirir coñecementos para identificar os riscos laborais derivados da exposición laboral aos axentes citostáticos en centros sanitarios. Coñecer as medidas xerais de prevención e protección fronte aos riscos derivados dos axentes citostáticos co fin de manipularlos correctamente.

Código	Modalidade	Datas
2209103	TELEFORMACIÓN	Do 28 de marzo ao 11 de abril de 2022
2209104	TELEFORMACIÓN	Do 23 de maio ao 6 de xuño de 2022
2209105	TELEFORMACIÓN	Do 20 de setembro ao 4 de outubro de 2022



2209106

TELEFORMACIÓN

Do 8 ao 22 de novembro de 2022

## ATENCIÓN COMUNITARIA EN ATENCIÓN PRIMARIA

Nº de horas: 15

Nº de prazas: 50

**Destinatarios:** médicas/os, pediatras, enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, matróns/as, farmacéuticas/os, fisioterapeutas e traballadoras/es sociais de atención primaria.

**Obxectivos:** adquirir coñecementos básicos para desenvolver unha acción comunitaria desde a atención primaria. Identificar os determinantes que inflúen na saúde e reflexionar sobre a equidade en saúde. Coñecer as ferramentas para traballar desde un enfoque biopsicosocial na consulta.

Código	Modalidade	Datas
2209107	TELEFORMACIÓN	Do 6 de abril ao 11 de maio de 2022
2209108	TELEFORMACIÓN	Do 25 de maio ao 29 de xuño de 2022
2209109	TELEFORMACIÓN	Do 26 de setembro ao 31 de outubro de 2022
2209110	TELEFORMACIÓN	Do 7 de novembro ao 12 de decembro de 2022

## BÁSICO NA XESTIÓN PRÁCTICA DA SEGURIDADE CLÍNICA

Nº de horas: 20 (8 horas presenciais e 12 en liña)

Nº de prazas: 20

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) Enfermeiras/os e enfermeiras/os especialistas. 2º) Médicas/os

**Obxectivos:** Conseguir as competencias básicas para identificar e xestionar riscos sanitarios. Priorización da seguridade clínica de pacientes. Crear un pensamento baseado en riscos á hora de afrontar problemas de seguridade clínica.

Código	Modalidade	Datas
2209111	MIXTO	Do 2 ao 23 de maio de 2022. Sesiós presenciais na ACIS os días 9 e 19 de maio de 16:30 a 20:30 horas.
2209112	MIXTO	Do 6 ao 27 de xuño de 2022. Sesiós presenciais na ACIS os días 13 e 20 de xuño de 16:30 a 20:30 horas.



## RETINOGRAFÍAS EN ATENCIÓN PRIMARIA

Nº de horas: 20

Nº de prazas: 50

**Destinatarios:** médicas/os, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e enfermeiras/os de atención primaria.

**Obxectivos:** Desenvolver coñecementos e habilidades na realización e intrerpretación de retinografías para o cribado de retinopatía diabética e a detección precoz das principais lesións de fondo de ollo. Coñecer os estándares de calidade mínima na realización e toma de imaxes nos diferentes retinógrafos. Identificar e previr os erros técnicos máis frecuentes. Diferenciar entre imaxes normais, anormais e patolóxicas do fondo de ollo. Desenvolvemento dos novos procedementos para a realización da teleconsulta con imaxe incorporada en oftalmoloxía-teleoftalmoloxía, mediante xestor de peticións clínicas con documento asociado ao episodio A60 de CIAP.

Código	Modalidade	Datas
2209113	TELEFORMACIÓN	Do 30 de marzo ao 27 de abril de 2022
2209114	TELEFORMACIÓN	Do 4 de maio ao 1 de xuño de 2022
2209115	TELEFORMACIÓN	Do 21 de setembro ao 19 de outubro de 2022

## DERMATOSCOPIA

Nº de horas: 20

Nº de prazas: 50

**Destinatarios:** médicas/os e pediatras de atención primaria.

**Obxectivos:** capacitar os profesionais na valoración e diagnóstico de lesións dermatolóxicas para mellorar a capacidade resolutiva de Atención Primaria, así como axeitar as derivacións ao seguinte nivel. Coñecer a orixe e os fundamentos da técnica dermatoscópica. Coñecer a utilidade e as limitacións da dermatoscopia. Adquirir as habilidades para mellorar mediante dermatoscopia a identificación de lesións cutáneas suxestivas de malignidade. Aprender a recoñecer as características dermatoscópicas das lesións cutáneas pigmentadas máis comúns na práctica diaria. Adquirir as habilidades necesarias para seleccionar con maior criterio aqueles pacientes con lesións cutáneas que deban ser avaliados por un dermatólogo. Incrementar a detección do cancro cutáneo mediante o emprego habitual do dermatoscopio. Mellorar a calidade e os criterios das derivacións a atención hospitalaria. Reducir o número de lesións cutáneas benignas que se extirpan innecesariamente.

Código	Modalidade	Datas
2209116	TELEFORMACIÓN	Do 18 de abril ao 18 de maio de 2022
2209117	TELEFORMACIÓN	Do 26 de setembro ao 26 de outubro de 2022



## RADIOLOXÍA PARA MEDICINA DE ATENCIÓN PRIMARIA

Nº de horas: 20

Nº de prazas: 50

**Destinatarios:** médicas/os de atención primaria.

**Obxectivos:** coñecer o proceso radiolóxico actual en Atención Primaria e avanzar no desenvolvemento do proceso radiolóxico integrado, co fin de diminuír a variabilidade clínica, e prestar unha asistencia sanitaria sen chanzos. Adquirir coñecementos básicos de radioloxía simple, que axuden o médico de Atención Primaria na atención dos seus pacientes.

Código	Modalidade	Datas
2209118	TELEFORMACIÓN	Do 5 de abril ao 3 de maio de 2022
2209119	TELEFORMACIÓN	Do 3 ao 31 de outubro de 2022

## ELECTROCARDIOGRAFÍA PARA MEDICINA

Nº de horas: 26

Nº de prazas: 100

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) médicas/os da central de coordinación do 061. 2º) médicas/os de atención primaria. 3º) médicas/os dos servizos de urxencias hospitalarias.

**Obxectivos:** coñecer as bases teóricas e prácticas imprescindibles para poder interpretar, na práctica diaria, tanto os rexistros normais como os rexistros das diferentes alteracións electrocardiográficas máis importantes.

Código	Modalidade	Datas
2209120	TELEFORMACIÓN	Do 26 de abril ao 1 de xuño de 2022
2209121	TELEFORMACIÓN	Do 18 de outubro ao 23 de novembro de 2022





## MANEXO DA DOR CRÓNICA

Nº de horas: 12

Nº de prazas: 50

**Destinatarios:** médicas/os de atención primaria, traumatólogas/es, reumatólogas/es, rehabilitadoras/es e neurocirurxiás/áns.

**Obxectivos:** Identificación dos tipos de dor. Diagnóstico e manexo das síndromes dolorosas máis frecuentes. Coñecer e identificar criterios de derivación. Indicacións técnicas de cuarto chanzo. Recoñecemento ecográfico e técnicas intervencionistas.

Código	Modalidade	Datas
2209122	TELEFORMACIÓN	Do 6 ao 27 de abril de 2022
2209123	TELEFORMACIÓN	Do 23 de maio ao 13 de xuño de 2022

## ASPECTOS XERAIS E EPIDEMIOLÓXICOS DA PATOLOXÍA NEOPLÁSICA

Nº de horas: 15

Nº de prazas: 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) Médicas/os de atención primaria. 2º) Médicas/os de atención hospitalaria (agás especialistas en oncoloxía).

**Obxectivos:** proporcionarlles coñecementos básicos de oncoloxía a especialistas non oncológos que na súa práctica asistencial se relacionan con enfermos oncolóxicos ou persoas con risco de padecer cancro. Coñecer aspectos relevantes da epidemioloxía do cancro, as bases da prevención primaria e secundaria do cancro. Coñecer os mitos e lendas sobre prevención primaria, exames de saúde relacionados co cancro e a cribaxe poboacional do cancro.

Código	Modalidade	Datas
2209124	TELEFORMACIÓN	Do 18 de abril ao 9 de maio de 2022





## ASPECTOS DIAGNÓSTICOS E TERAPÉUTICOS DE INTERESE EN ATENCIÓN PRIMARIA DAS NEOPLASIAS MÁIS FRECUENTES

Nº de horas: 12

Nº de prazas: 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) Médicas/os de atención primaria. 2º) Médicas/os de atención hospitalaria (agás especialistas en oncoloxía).

**Obxectivos:** recoñecer cales son os tumores que con maior frecuencia se diagnostican no noso medio e as liñas xerais do seu tratamento. Comprender en que consiste e como se establece a intención coa que se trata o cancro: curativa fronte a simplemente paliativa, e diferenciar «paliativo» de «sintomático». As liñas xerais das diferentes modalidades terapéuticas: cirurxía, radioterapia, farmacoloxía... e as súas aplicacións en determinados contextos. As razóns polas que dous casos aparentemente similares rematan con enfoques terapéuticos diferentes. Coñecer as implicacións en canto á curabilidade e prognóstico que implican terminoloxías oncolóxicas habituais tales como «intención curativa», «tratamento radical», «neoadxuvancia», «adxuvancia», actitude expectante, intención paliativa e outros. As liñas xerais do actual arsenal terapéutico antineoplásico. As liñas xerais de diagnóstico, prognóstico e tratamento das neoplasias máis frecuentes no noso medio.

Código	Modalidade	Datas
2209125	TELEFORMACIÓN	Do 31 de maio ao 21 de xuño de 2022

## TRATAMENTO SINTOMÁTICO DO CANCRO

Nº de horas: 15

Nº de prazas: 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) Médicas/os de atención primaria. 2º) Médicas/os de atención hospitalaria (agás especialistas en oncoloxía).

**Obxectivos:** adquirir coñecementos e ter posibilidade de expoñer dificultades para a práctica asistencial nos seguintes puntos. Diferenciar o que é un tratamento «paliativo» dun tratamento «sintomático». Diferenciar unha situación de «tratamento paliativo» dunha situación de «enfermidade terminal». Coñecementos sobre os principais síntomas derivados do cancro e o seu tratamento axeitado. Coñecementos sobre os principais síntomas derivados da toxicidade dos fármacos antineoplásicos e o seu tratamento adecuado dende o punto de vista ambulatorio e cando remitir un paciente urxente ao hospital e/ou ao seu especialista. Identificar as urxencias oncolóxicas máis frecuentes. Cal é a situación actual dos proxectos e desenvolvemento das unidades de coidados paliativos e un exemplo da discusión profesional sobre a súa utilidade no noso medio.

Código	Modalidade	Datas
2209126	TELEFORMACIÓN	Do 26 de outubro ao 16 de novembro de 2022



## CONSENTIMENTO INFORMADO. ACTUALIZACIÓNS LEGAIS

Nº de horas: 12

Nº de prazas: 50

**Destinatarios:** médicas/os de atención primaria e hospitalaria.

**Obxectivos:** incrementar nos profesionais médicos o coñecemento das obrigas legais, asociadas ao proceso asistencial, para afrontar o aumento e cambio nas demandas da sociedade. Adquirir competencias médico-legais para se dotar de ferramentas de afrontamento da incerteza e medo ante unha posible demanda. Adquirir habilidades para tratar as situacións de maior risco de demanda aprendendo o manexo e a actuación nesas situacións. Diminución da práctica da medicina defensiva a través dun mellor coñecemento da medicina legal.

Código	Modalidade	Datas
2209127	TELEFORMACIÓN	Do 10 ao 31 de maio de 2022
2209128	TELEFORMACIÓN	Do 3 ao 24 de outubro de 2022

## CONSENTIMENTO INFORMADO PARA ENFERMARÍA

Nº de horas: 12

Nº de prazas: 50

**Destinatarios:** enfermeiras/os e enfermeiras/os especialistas de atención primaria e hospitalaria.

**Obxectivos:** incrementar nos profesionais médicos o coñecemento das obrigas legais, asociadas ao proceso asistencial, para afrontar o aumento e cambio nas demandas da sociedade. Adquirir competencias legais para se dotar de ferramentas de afrontamento da incerteza e medo ante unha posible demanda. Adquirir habilidades para tratar as situacións de maior risco de demanda aprendendo o manexo e a actuación nesas situacións.

Código	Modalidade	Datas
	TELEFORMACIÓN	Pendente



## ATENCIÓN AO ADOLESCENTE

Nº de horas: 16

Nº de prazas: 50

**Destinatarios:** médicas/os, pediatras, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e enfermeiras/os de atención primaria e psicólogas/os clínicas/os, psiquiatras, enfermeiras/os especialistas en pediatría e enfermeiras/os da unidade de pediatría de atención hospitalaria e traballadoras/es sociais.

**Obxectivos:** saber realizar unha entrevista efectiva cos/coas adolescentes, mellorar a comunicación, abordar temas preventivos de primeira orde nestas idades. Coñecer a diferenciación entre o evolutivo e o patolóxico nos: trastornos de comportamento, achegamento ao consumo de tóxicos, sexualidade. Coñecer as peculiaridades do manexo da entrevista co doente adolescente e os pais. Aprender a realizar a abordaxe terapéutica tanto farmacolóxica como psicoterapéutica. Saber cando remitir a un servizo especializado. Orientación na aprendizaxe escolar e elección de estudos.

Código	Modalidade	Datas
2209129	TELEFORMACIÓN	Do 6 de abril ao 4 de maio de 2022
2209130	TELEFORMACIÓN	Do 30 de maio ao 27 de xuño de 2022
2209131	TELEFORMACIÓN	Do 4 de outubro ao 2 de novembro de 2022

## A PERITACIÓN E A VALORACIÓN DO DANO NO ÁMBITO ODONTOESTOMATOLÓXICO

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 50

**Destinatarios:** odontólogas/os e estomatólogas/os de atención primaria.

**Obxectivos:** coñecer os ámbitos xudiciais dende os que se solicita a pericia. Ser competente na recompilación da información necesaria e na redacción das diferentes partes dun informe pericial. Coñecer as bases da valoración do dano bucodental. Ser competente na defensa do ditame.

Código	Modalidade	Datas
2209132	TELEFORMACIÓN	Do 19 de abril ao 3 de maio de 2022



## XESTIÓN DE AXENDAS E PROGRAMACIÓN DA ACTIVIDADE DE CONSULTA EN ATENCIÓN PRIMARIA

Nº de horas: 4

Nº de prazas: 100

**Destinatarios:** médicas/os de atención primaria.

**Obxectivos:** optimizar a programación da consulta de atención primaria. Dotar de ferramentas os distintos profesionais de novos modelos de axenda que abranguen: garantir unha accesibilidade adecuada aos distintos servizos do Centro de Saúde, garantir a continuidade asistencial e en especial a inmediatez na atención á urxencia. Fomentar a utilización da teleasistencia e das novas tecnoloxías. Asegurar unha distribución adecuada das cargas de traballo. Desenvolvemento de novos modelos de axenda de profesionais.

Código	Modalidade	Datas
2209133	TELEFORMACIÓN	Do 31 de marzo ao 7 de abril de 2022
2209134	TELEFORMACIÓN	Do 27 de setembro ao 4 de outubro de 2022

## BÁSICO DE XESTIÓN DE RISCOS NA SEGURIDADE DO PACIENTE

Nº de horas: 12

Nº de prazas: 100

**Destinatarios:** todos/as os/as profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** coñecer o alcance do problema, epidemioloxía dos incidentes relacionados coa seguridade dos pacientes e aprender da nosa realidade. Promover e difundir a cultura de seguridade. Mellorar a seguridade na atención aos/ás pacientes.

Código	Modalidade	Datas
2209135	TELEFORMACIÓN	Do 5 ao 26 de abril de 2022
2209136	TELEFORMACIÓN	Do 7 ao 28 de maio de 2022
2209137	TELEFORMACIÓN	Do 9 ao 30 de novembro de 2022



## A CALIDADE DA REDACCIÓN ADMINISTRATIVA. TÉCNICAS PARA MELLORALA

Nº de horas: 20

Nº de prazas: 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) Persoal de xestión e servizos da área administrativa (técnico, xestión, administrativo e auxiliar) e Persoal de Servizos Xerais. 2º) Resto do persoal.

**Obxectivos:** mellorar a redacción dos documentos de circulación interna e externa xeral e facelos máis doados de entender. Repasar e fixar criterios de corrección lingüística, con especial incidencia na lingua galega.

Código	Modalidade	Datas
2209138	TELEFORMACIÓN	Do 22 de marzo ao 19 de abril de 2022
2209139	TELEFORMACIÓN	Do 2 ao 30 de maio de 2022
2209140	TELEFORMACIÓN	Do 2 ao 30 de xuño de 2022
2209141	TELEFORMACIÓN	Do 22 de setembro ao 30 de outubro de 2022
2209142	TELEFORMACIÓN	Do 3 de novembro ao 1 de decembro de 2022

## PROCEDEMENTOS TEÓRICO-PRÁCTICOS NUN BANCO DE SANGUE DE CORDÓN UMBILICAL

Nº de horas: 15

Nº de prazas: 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) matróns/as de atención primaria e hospitalaria. 2º) médicas/os de hemodoazón que traballen na ADOS. 3º) enfermeiras/os de hemodoazón que traballen na ADOS. 4º) médicas/os especialistas en obstetricia e xinecoloxía.

**Obxectivos:** actualizar coñecementos sobre o transplante de proxenitores hematopoéticos, analizando en particular o sangue de cordón umbilical como fonte destes proxenitores, dende o proceso da selección da doadora, da extracción, do procesamento e da criopreservación ao almacenamento e subministración a través dos rexistros internacionais de doadores de medula ósea, e o papel que xogan os bancos de sangue de cordón neste contexto.

Código	Modalidade	Datas
2209143	TELEFORMACIÓN	Do 19 de abril ao 10 de maio de 2022



## BUSCA BIBLIOGRÁFICA AVANZADA: BASES DE DATOS WOS, EMBASE, COCHRANE E CINAHL

Nº de horas: 14

Nº de prazas: 50

**Destinatarios:** todo o persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** Aprender a realizar buscas bibliográficas en bases de datos alternativas a Pubmed-Medline. Aprender a elaborar estratexias de buscas bibliográficas en bases de datos avanzadas de ciencias da saúde. Coñecer os pasos que se deben seguir para realizar unha busca bibliográfica efectiva. Coñecer as características específicas de cada base de datos.

Código	Modalidade	Datas
2209144	TELEFORMACIÓN	Do 1 ao 22 de xuño de 2022
2209145	TELEFORMACIÓN	Do 5 ao 26 de outubro de 2022

## ENDOMETRIOSE

Nº de horas: 15

Nº de prazas: 50

**Destinatarios:** médicas/os, matróns/as, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e enfermeiras/os de atención primaria, xinecólogas/os e enfermeiras/os de xinecología e obstetricia.

**Obxectivos:** actualizar e ampliar os coñecementos en canto ao diagnóstico, tratamento e seguimento da endometriose. Coñecer a epidemioloxía, fisiopatoloxía e manifestacións clínicas da endometriose. Como diagnosticar e clasificar os distintos tipos de endometriose. Actualizar os coñecementos sobre o tratamento médico e cirúrxico. Entender a fisiopatoloxía da dor asociada á endometriose. Como controlar e tratar a doente en idade fértil. Coñecer as principais liñas de investigación na patoloxía. Definir o papel da atención primaria no diagnóstico precoz, seguimento e criterios de derivación da doente con endometriose.

Código	Modalidade	Datas
2209146	TELEFORMACIÓN	Do 25 de abril ao 16 de maio de 2022
2209147	TELEFORMACIÓN	Do 4 ao 18 de outubro de 2022





## ADMINISTRACIÓN DE MEDICACIÓN NO ADULTO CRÍTICO

Nº de horas: 12

Nº de prazas: 50

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) enfermeiras/os de PAC, servizos de urxencias e de unidades de críticos (UCI e REA). 2º) resto de enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e enfermeiras/os de atención primaria e hospitalaria.

**Obxectivos:** definir e coñecer o proceso e os riscos da administración de medicación en doentes críticos, de xeito que se maximice a seguridade na súa administración. Definir as actuacións seguras dos profesionais implicados na administración de medicación nos pacientes críticos. Adestrar o persoal de enfermaría implicado no manexo seguro de medicación en pacientes críticos segundo os protocolos establecidos. Identificar as reaccións adversas que impliquen risco na saúde do paciente. Definir as distintas medidas de actuación ante unha reacción adversa pola administración de medicación.

Código	Modalidade	Datas
2209148	TELEFORMACIÓN	Do 7 ao 28 de abril de 2022
2209149	TELEFORMACIÓN	Do 12 de maio ao 2 de xuño de 2022
2209150	TELEFORMACIÓN	Do 22 de setembro ao 13 de outubro de 2022
2209151	TELEFORMACIÓN	Do 2 ao 23 de novembro de 2022

## RECOLLIDA DE MOSTRAS BIOLÓXICAS

Nº de horas: 6

Nº de prazas: 50

**Destinatarios:** técnicas/os en coidados auxiliares de enfermaría.

**Obxectivos:** adestrar na correcta manipulación e conservación das mostras biolóxicas, dado que a súa análise é unha ferramenta fundamental no diagnóstico e tratamento: Dominar as técnicas de asepsia na obtención de mostras atendendo ao paciente. Adquirir unha boa metodoloxía de traballo na obtención, manipulación, conservación e transporte de mostras para reducir erros. Coñecer as normas de seguridade no manexo de mostras biolóxicas.

Código	Modalidade	Datas
2209152	TELEFORMACIÓN	Do 7 ao 21 de abril de 2022
2209153	TELEFORMACIÓN	Do 4 ao 18 de maio de 2022
2209154	TELEFORMACIÓN	Do 6 ao 20 de outubro de 2022
2209155	TELEFORMACIÓN	Do 14 ao 28 de novembro de 2022





## ELECTROCARDIOGRAFÍA PARA ENFERMARÍA

Nº de horas: 26

Nº de prazas: 100

**Destinatarios:** enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e enfermeiras/os de atención primaria e hospitalaria.

**Obxectivos:** coñecer as bases teóricas e prácticas imprescindibles para poder interpretar, na práctica diaria, tanto os rexistros normais como os rexistros das diferentes alteracións electrocardiográficas máis importantes.

Código	Modalidade	Datas
2209156	TELEFORMACIÓN	Do 4 de abril ao 11 de maio de 2022
2209157	TELEFORMACIÓN	Do 9 de maio ao 15 de xuño de 2022
2209158	TELEFORMACIÓN	Do 24 de outubro ao 30 de novembro de 2022

## BÁSICO DE ONCOLOXÍA PARA ENFERMARÍA

Nº de horas: 16

Nº de prazas: 100

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e enfermeiras/os de atención primaria 2º) enfermeiras/os de atención hospitalaria.

**Destinatarios:** todo o persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** coñecer as principais ferramentas básicas de Bibliosaúde, a Biblioteca Virtual do Sistema Público de Saúde de Galicia. Coñecer as principais fontes de información en Ciencias da Saúde. Aprender a elaborar estratexias de busca bibliográfica. Aprender a realizar buscas bibliográficas básicas. Aprender a utilizar filtros clínicos metodolóxicos.

Código	Modalidade	Datas
2209321	AUTOFORMACIÓN	Pendente

## PERSPECTIVA MULTIDISCIPLINAR DA HIDRADENITE SUPURATIVA (HS)

Nº de horas: 10

Nº de prazos: ilimitado

**Destinatarios:** enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e enfermeiras/os especialistas en pediatria que teñan ou tivesen relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** coñecer a última evidencia sobre a hidradenite supurativa (HS), permitindo mellorar a calidade de vida dos pacientes con esta patoloxía pouco coñecida. Adquirir coñecementos para poder identificar de forma precoz a enfermidade, facilitando a súa diagnose temperá. Mellorar a atención sanitaria dos pacientes con HS (educación para a saúde, curas específicas e abordaxe xeral). Mellorar a colaboración entre os diferentes niveis asistenciais implicados no seguimento desta patoloxía. Concienciar do impacto da HS na calidade de vida dos pacientes.

Código	Modalidade	Datas
2209345	AUTOFORMACIÓN	Pendente



## CÓDIGO SEPSE

Nº de horas: 6

Nº de prazas: ilimitado

**Destinatarios:** médicas/os, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e enfermeiras/os que teñan ou tivesen relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** Adquirir os coñecementos necesarios para o diagnóstico e manexo precoz da sepsis e o choque séptico. Diminuír a morbimortalidade asociada á sepsis a través do diagnóstico e tratamento precoz. Entender os criterios diagnósticos de sepsis e choque séptico. Coñecer a morbimortalidade asociada á sepsis. Describir as campañas dedicadas ao diagnóstico e tratamento precoz da sepsis. Comprender os beneficios do tratamento precoz da sepsis. Cumprir os paquetes de medidas da campaña sobrevivir á sepsis que demostraron reducir a mortalidade. Coñecer as recomendacións da campaña sobrevivir á sepsis.

Código	Modalidade	Datas
2209308	AUTOFORMACIÓN	Do 15 de febreiro ao 31 de decembro de 2022

## PROGRAMA GALEGO PARA A OPTIMIZACIÓN DA TERAPIA NUTRICIONAL ESPECIALIZADA NO PACIENTE CRÍTICO, «DESNUTRICIÓN ZERO»

Nº de horas: 3

Nº de prazas: ilimitado

**Destinatarios:** técnicos en coidados auxiliares de enfermaría que teñan ou tivesen relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** Actualizar e mellorar coñecementos para unha adecuada abordaxe da desnutrición no paciente crítico. Describir os principais aspectos do Programa Galego para a Optimización da Terapia Nutricional Especializada no Paciente Crítico, «Desnutrición Zero». Entender os fundamentos da valoración nutricional e o concepto da síndrome de realimentación. Enumerar os tipos de terapia nutricional e os principios para a súa elección. Coñecer os principios básicos da optimización de terapia e aplicar os seus protocolos. Coñecer os datos a rexistrar para a avaliación do programa.

Código	Modalidade	Datas
2209310	AUTOFORMACIÓN	Do 15 de febreiro ao 31 de decembro de 2022



## PROGRAMA GALEGO PARA A OPTIMIZACIÓN DA TERAPIA NUTRICIONAL ESPECIALIZADA NO PACIENTE CRÍTICO, «DESNUTRICIÓN ZERO»

**Nº de horas:** 5

**Nº de prazas:** ilimitado

**Destinatarios:** médicos/as, farmacéuticos/as, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e enfermeiros/as que teñan ou tivesen relación contractual co Servizo Galego de Saúde

**Obxectivos:** aplicar os protocolos propostos no programa galego de optimización da terapia nutricional especializada no paciente crítico. Comprender a relación directa co pronóstico e a morbimotalidade dunha terapia nutricional adecuada. Realizar o cribado e valoración nutricional. Dominar o cálculo de requirimentos nutricionais de modo individualizado. Coñecer as indicación e os distintos tipos de terapias nutricionais. Manexar os protocolos relacionados coas principais complicacións asociadas á terapia nutricional. Mellorar os coñecementos e habilidades no proceso de transición nutricional e cribado de disfagia orofarínxea. Entender os indicadores de calidade relacionados cunha adecuada terapia nutricional.

Código	Modalidade	Datas
2209309	AUTOFORMACIÓN	Do 15 de febreiro ao 31 de decembro de 2022

## A VIOLENCIA CARA ÁS MULLERES, COMO DETECTALA E PAUTAS DE ACTUACIÓN DESDE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE. NIVEL BÁSICO

**Nº de horas:** 20

**Nº de prazas:** ilimitado

**Destinatarios:** Persoal sanitario que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde

**Obxectivos:** Recoñecer na muller e as crianzas a sintomatoloxía e a complexidade da violencia e os malos tratos na súa vida e saúde, para proporcionar unha asistencia sanitaria en todos os niveis asistenciais, por calquera profesional do que se requiran os seus servizos. Coñecer como o xénero é un determinante de saúde, que condiciona a nosa labor asistencial e a adecuada atención profesional no ámbito das competencias profesionais. Coñecer as diferentes manifestacións da violencia de xénero na saúde biopsicosocial e emocional das mulleres e crianzas que se atopan nesta situación. Coñecer a lexislación necesaria para a práctica diaria profesional e saber como debe procederse nun caso de violencia de xénero, garantindo a seguridade e a integridade da muller en situación de risco. Coñecer a realidade e o impacto da violencia de xénero na poboación infantil e xuvenil e nas mulleres.

Código	Modalidade	Datas
2209312	AUTOFORMACIÓN	Do 15 de febreiro ao 31 de decembro de 2022



## BÁSICO EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Nº de horas: 20

Nº de prazas: ilimitado

**Destinatarios:** Todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** Achegar un marco conceptual sobre o significado e alcance da igualdade de oportunidades. Ofrecer unha visión sobre a situación actual da participación das mulleres na sociedade e no Servizo Galego de Saúde. Fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Formar en igualdade entre mulleres e homes e en prevención e loita contra a violencia de xénero co fin de reforzar as súas competencias nestas materias e fortalecer a introdución da perspectiva de xénero en todas as áreas da organización.

Código	Modalidade	Datas
2209313	AUTOFORMACIÓN	Do 15 de febreiro ao 31 de decembro de 2022

## PREVENCIÓN DE RISCOS BIOLÓXICOS

Nº de horas: 5

Nº de prazas: ilimitado

**Destinatarios:** Todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** Coñecer os conceptos básicos sobre o risco biolóxico, desde a clasificación e descrición dos distintos axentes que poden afectar a saúde dos profesionais, ata as técnicas de prevención e protección fronte a aqueles. Coñecer as técnicas de prevención e protección fronte aos axentes biolóxicos nas actividades sanitarias, así como o procedemento a seguir no caso de accidente de risco biolóxico. Coñecer o conxunto de recomendacións e actuacións dirixidas a prever a transmisión e diseminación de axentes infecciosos, desde a fonte de infección aos profesionais que desenvolven o seu labor en centros sanitarios. Coñecer os conceptos básicos sobre os equipos de protección individual (EPI) máis empregados no ámbito asistencial, as súas características, tipos e condicións de utilización en función dos diferentes factores de risco.

Código	Modalidade	Datas
2209315	AUTOFORMACIÓN	Do 15 de febreiro ao 31 de decembro de 2022



## HIXIENE DE MANS NA ATENCIÓN SANITARIA

Nº de horas: 7

Nº de prazas: ilimitado

**Destinatarios:** Todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** Sensibilizar e formar aos profesionais sobre a importancia de promover a Seguridade dos Pacientes, promovendo unha axeitada hixiene na práctica clínica co fin de reducir os eventos adversos producidos como consecuencia das infeccións adquiridas no transcurso do proceso asistencial. Diminuír a incidencia da infección relacionada cos cuidados de saúde. Difundir as directrices para a hixiene de mans no ámbito sanitario elaboradas pola Organización Mundial da Saúde. Crear novos contornos de aprendizaxe centrados no alumno, facilitando a accesibilidade dos profesionais do Servizo Galego de Saúde.

Código	Modalidade	Datas
2209316	AUTOFORMACIÓN	Do 15 de febreiro ao 31 de decembro de 2022

## BÁSICO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Nº de horas: 60

Nº de prazas: ilimitado

**Destinatarios:** todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** Formar os traballadores nas funcións de nivel básico recollidas no Real decreto 39/1997 dos servizos de prevención, co obxecto de capacitalos para poder levar a cabo as funcións asignadas aos recursos preventivos previstos na Lei 54/2003.

Código	Modalidade	Datas
2209317	AUTOFORMACIÓN	Do 15 de febreiro ao 31 de decembro de 2022





## SAÚDE E PANTALLAS DE VISUALIZACIÓN DE DATOS (PVD).

**Nº de horas:** 10

**Nº de prazas:** ilimitado

**Destinatarios:** todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** Coñecer as situacións incorrectas que poidan producir patoloxías aos usuarios , derivadas do uso de pantallas de visualización. Coñecemento das medidas de prevención no uso de pantallas de visualización. Práctica de exercicios posturais con PVD.

Código	Modalidade	Datas
2209339	AUTOFORMACIÓN	Pendente

## MANOBRA DE PRONACIÓN EN PACIENTES

**Nº de horas:** 4

**Nº de prazas:** ilimitado

**Destinatarios:** médicos/as, enfermeiros/as, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, enfermeiras/os especialistas en saúde mental, enfermeiras/os especialistas en pediatría, técnicos/as en coidados auxiliares de enfermaría e celadores que teñan ou tivesen relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** posta en marcha dun protocolo unificado de execución da manobra de pronación. Facilitar información sobre este tipo de manobra (material, execución...) a todo o persoal que teña que participar nela. Ofrecer información sobre as precaucións que se deben ter en conta. Ofrecer información sobre posibles complicacións a curto, medio e longo prazo deste tipo de manobra.

Código	Modalidade	Datas
229088	AUTOFORMACIÓN	Pendente





## COÑECEMENTOS BÁSICOS E MEDIDAS PREVENTIVAS ANTE O SARS-CoV-2

Nº de horas: 4

Nº de prazas: ilimitado

**Destinatarios:** Todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** coñecer os virus emerxentes, a descrición dos distintos coronavirus, e especificamente sobre o novo coronavirus (SARS-CoV-2). Coñecer os conceptos básicos sobre o virus SARS-CoV-2, dende a información científico-técnica da enfermidade da COVID-19, modos de transmisión e natureza das actividades e avaliación do risco de exposición, ata as probas de laboratorio para a súa detección (PCR, probas serolóxicas,...). Coñecer as técnicas de prevención e protección fronte aos virus respiratorios emerxentes, incluído o SARS-CoV-2, así como, de xeito específico, o conxunto de recomendacións e actuacións dirixidas a prever a transmisión e diseminación do virus SARS-CoV-2. Coñecer os conceptos básicos sobre o estudo de casos e identificación de contactos da COVID-19, as súas definicións, etapas e obxectivos.

Código	Modalidade	Datas
2209318	AUTOFORMACIÓN	Do 15 de febreiro ao 31 de decembro de 2022

## INTRODUCCIÓN AO DIAGNÓSTICO XENÉTICO


Nº de horas: 6

Nº de prazas: ilimitado

**Destinatarios:** médicas/os de atención hospitalaria que teñan ou tivesen relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** coñecer os servizos que a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica lle presta ao Servizo Galego de Saúde. Adquirir as habilidades para avaliar a idoneidade de solicitar un estudo xenético para un paciente e entender que se pode esperar dos resultados. Identificar as diferentes técnicas xenéticas dispoñibles e a súa aplicación. Coñecer as análises xenéticas e o asesoramento xenético apropiados para o paciente e os procedementos para solicitalo. Coñecer a información necesaria a acadar sobre o paciente, e a súa historia familiar cando sexa preciso, para poder realizar o diagnóstico.

Código	Modalidade	Datas
2209344	AUTOFORMACIÓN	Pendente





## ABORDAXE DO CONSUMO DE TABACO EN ATENCIÓN PRIMARIA

Nº de horas: 5

Nº de prazas: 50

**Destinatarios:** médicos/as, pediatras, enfermeiros/as, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, farmacéuticos/as, odontólogos/as, fisioterapeutas, traballadores/as sociais, terapeutas ocupacionais e psicólogos/as clínicos de atención primaria que teñan ou tivesen relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** Coñecer os conceptos básicos e argumentos sinxelos baseados na evidencia para motivar aos pacientes para deixar de fumar. Actualizar coñecementos sobre os efectos do consumo e exposición pasiva de tabaco e sobre as novas formas de consumo. Coñecer ferramentas como algoritmos, app etc que faciliten a abordaxe do/a paciente fumador/a.

Código	Modalidade	Datas
2209626	AUTOFORMACIÓN	Pendente

## ABORDAXE DO CONSUMO DE ALCOHOL EN ATENCIÓN PRIMARIA

Nº de horas: 5

Nº de prazas: 50

**Destinatarios:** médicos/as, pediatras, enfermeiros/as, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, farmacéuticos/as, odontólogos/as, fisioterapeutas, traballadores/as sociais, terapeutas ocupacionais e psicólogos/as clínicos de atención primaria que teñan ou tivesen relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** proporcionar conceptos básicos e argumentos sinxelos baseados na evidencia para motivar os pacientes para deixar de consumir alcohol. Actualizar coñecementos sobre os efectos do consumo de alcohol sobre o organismo, tendo en conta a idade e a forma en que se consume. Dar a coñecer ferramentas como algoritmos, cuestionarios de *screening*, etc. que faciliten a abordaxe do/a paciente bebedor/a.

Código	Modalidade	Datas
2209627	AUTOFORMACIÓN	Pendente



## PREGUNTAS MÁIS FRECUENTES NA CLÍNICA DIARIA SOBRE TABACO, ALCOHOL E CÁNNABIS

Nº de horas: 5

Nº de prazas: ilimitado

**Destinatarios:** médicos/as, pediatras, enfermeiros/as, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, farmacéuticos/as, odontólogos/as, fisioterapeutas, traballadores/as sociais, terapeutas ocupacionais e psicólogos/as clínicos de atención primaria que teñan ou tivesen relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** Facilitar respostas ás preguntas máis habituais na práctica clínica diaria sobre os consumos máis frecuentes entre a poboación. Actualizar coñecementos dos profesionais relativos ás distintas substancias e baseados na evidencia científica actual.

Código	Modalidade	Datas
2209631	AUTOFORMACIÓN	Pendente

## ORATORIA EMOCIONAL: COMO FALAR EN PÚBLICO

Nº de horas: 6

Nº de prazas: ilimitado

**Destinatarios:** todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde..

**Obxectivos:** coñecer todas as técnicas e ferramentas da boa oratoria. Aprender a captar a atención da audiencia e motivala para a acción. Vencer o medo escénico a falar diante do público. Superar os obstáculos dunha oratoria e gozar falando en público con seguridade e confianza.

Código	Modalidade	Datas
2209340	AUTOFORMACIÓN	Do 15 de febreiro ao 31 de decembro de 2022





## BÁSICO DE RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS INTERPERSOAIS

Nº de horas: 10

Nº de prazas: ilimitado

**Destinatarios:** todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde..

**Obxectivos:** identificar os tipos de conflitos e analizalos desde os elementos que os integran (problema, proceso e persoa). Desenvolver estratexias e mecanismos alternativos para a xestión alternativa do conflito. Mellorar as propias competencias, recursos e habilidades de comunicación para unha resolución positiva das diferenzas interpersoais.

Código	Modalidade	Datas
2209341	AUTOFORMACIÓN	Pendente

## BÁSICO DE SIGAP PAC

Nº de horas: 10

Nº de prazas: ilimitado

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) persoal de servizos xerais e celadores de PAC. 2º) persoal de servizos xerais e auxiliares administrativos de centros de saúde que teñan ou tivesen relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** ofrecer un primeiro contacto práctico co aplicativo SIGAP BASICO PAC. Dotar o persoal administrativo e de admisión de destrezas básicas para afrontar o seu traballo cando acudan por primeira vez a un PAC e traballen co aplicativo SIGAP PAC.

Código	Modalidade	Datas
2209320	AUTOFORMACIÓN	Pendente



## DOAZÓN DE ÓRGANOS

Nº de horas: 5

Nº de prazas: ilimitado

**Destinatarios:** todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** Coñecer o modelo organizativo español e os resultados do transplante de órganos. Análise da lexislación española sobre doazón e transplante. Adquirir os coñecementos relacionados cos aspectos centrais da doazón de órganos: tipos de doante (morte encefálica e asistolia), diagnóstico de morte encefálica, criterios de valoración, proceso de comunicación de malas noticias no contorno da doazón.

Código	Modalidade	Datas
2209343	AUTOFORMACIÓN	Do 15 de febreiro ao 31 de decembro de 2022

## OS COMITÉS DE ÉTICA E INVESTIGACIÓN DE GALICIA E A INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA

Nº de horas: 4

Nº de prazas: ilimitado

**Destinatarios:** licenciado/diplomado e persoal de grao que teñan ou tivesen relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** coñecer os comités de ética da investigación acreditados en Galicia, a súas funcións, composición e procedementos de traballo. Adquirir e actualizar os requisitos legais que deben cumprirse antes de iniciar un estudo segundo o seu tipo. Actualizar os aspectos mínimos a ter en conta para o uso de mostras biolóxicas en investigación. Coñecer os contidos mínimos que deben incluír o protocolo de investigación e os documentos de consentimento informado para os participantes. Coñecer e entender as instrucións ditadas polo Sistema Público de Saúde de Galicia para o acceso aos datos de saúde.

Código	Modalidade	Datas
229089	AUTOFORMACIÓN	Do 15 de febreiro ao 31 de decembro de 2022



## CALIDADE E RENDEMENTO: INTRODUCCIÓN Á METODOLOXÍA LEAN

Nº de horas: 6

Nº de prazas: ilimitado

**Destinatarios:** Todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** Desenvolver unha cultura cara a unha organización máis eficiente mediante uns cambios nos procesos coa finalidade de incrementar a velocidade de resposta por medio de redución de desperdicios, custos e tempos, facendo máis eficientes as organizacións sanitarias. 2. Involucrar a todos os profesionais da organización na iniciativa do pensamento *Lean* (*Lean Thinking*). 3. Desenvolver a capacidade e o hábito de detectar e eliminar os desperdicios nas organizacións sanitarias. 4. Perseguir a perfección (mellora continua). 5. Coñecer as ferramentas *Lean* para a súa aplicación.

Código	Modalidade	Datas
2209319	AUTOFORMACIÓN	Do 15 de febreiro ao 31 de decembro de 2022

## CINCO PRÁCTICAS PARA XESTIONAR O ESTRÉS E OS CONFLITOS NA SANIDADE

Nº de horas: 5

Nº de prazas: ilimitado

**Destinatarios:** todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** aprender técnicas de autocoidado da saúde emocional, tanto propia como dos/das compañeiros/as e das demais persoas.

Código	Modalidade	Datas
229087	AUTOFORMACIÓN	Pendente



## ACTITUDES E HABILIDADES DE LIDERADO PARA EQUIPOS SAUDABLES

Nº de horas: 5

Nº de prazas: ilimitado

**Destinatarios:** todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** no século XXI é de suma importancia que as organizacións estean vivas e que o factor humano sexa considerado como o pilar estratéxico. É neste contexto onde a liña de mando adquire un papel principal precisando ter, sobre todo, capacidade para desenvolver o potencial do seu equipo e que este, á súa vez, amose o mellor desempeño. Abordaranse as necesidades de liderado actuais, partindo dun alto grao de autoconhecimento, e das competencias requiridas acordes con estas expectativas.

Código	Modalidade	Datas
2209632	AUTOFORMACIÓN	Pendente

## RESILIENCIA E FELICIDADE

Nº de horas: 5

Nº de prazas: ilimitado

**Destinatarios:** todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** Só nun mundo resiliente poderemos atopar espazos para a paz, para a felicidade, para o encontro real co noso ser. A felicidade non é algo que debamos deixar só para os bos tempos, senón que é algo que debemos cultivar cada día da nosa vida. Por iso, se nos involucramos no camiño, traballando sobre o noso benestar integral, día a día, poderemos gozar dos momentos bos e seremos capaces de transitar as circunstancias adversas, sobrepoñéndonos a elas antes e crecendo interiormente.

Código	Modalidade	Datas
2209633	AUTOFORMACIÓN	Pendente





## AUTOCOIDADO EMOCIONAL: OPTIMIZANDO OS NOSOS RECURSOS PERSOAIS

**Nº de horas:** 5

**Nº de prazos:** ilimitado

**Destinatarios:** todo o persoal que teña ou tivese relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** Aínda que é claro que as circunstancias externas, as condicións de traballo, o ambiente laboral e moitos outros aspectos son esenciais para o benestar dos/das profesionais sanitarios/as, tamén o é que dependendo da nosa xestión do estrés poidamos manexar as circunstancias de distinto modo. Sobre todo en circunstancias de maior presión, a optimización dos nosos recursos persoais e de relación cos demais poden ser moi beneficiosos.

Código	Modalidade	Datas
2209634	AUTOFORMACIÓN	Pendente



PLAN DE  
FORMACIÓN  
**AFEDAP 2022**

CURSOS  
**PRESENCIAIS**



## SOPORTE VITAL BÁSICO

Nº de horas: 4

Nº de prazas: 18

**Destinatarios:** todo o persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** coñecer e aplicar as técnicas básicas de reanimación cardiopulmonar (RCP). Mellorar o prognóstico do tratamento da parada cardiorrespiratoria (PCR). Difundir as normas e técnicas de actuación na atención ao/á paciente dentro das principais situacións. Coñecemento e manexo axeitado e con seguridade do DESA.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2209352	HOSPITAL PÚBLICO DE CEE	21 de abril de 2022	16:30 – 20:30
2209353	C.H.U. A CORUÑA	28 de abril de 2022	16:30 – 20:30
2209354	C.H.U. DE VIGO (A.P.)	5 de maio de 2022	16:30 – 20:30
2209355	C.H.U. DE VIGO	11 de maio de 2022	16:30 – 20:30
2209356	C.H.U. DE VIGO	12 de maio de 2022	16:30 – 20:30
2209357	C.H.U. DE SANTIAGO	19 de maio de 2022	16:30 – 20:30
2209358	C.H.U. DE OURENSE	26 de maio de 2022	16:30 – 20:30
2209359	BARCO	2 de xuño de 2022	16:30 – 20:30
2209360	HOSPITAL PÚBLICO DE VERÍN	9 de xuño de 2022	16:30 – 20:30

## SOPORTE VITAL CARDIOVASCULAR AVANZADO

Nº de horas: 20

Nº de prazas: 18

**Destinatarios:** médicas/os, enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e enfermeiras/os especialistas en saúde mental de atención primaria e hospitalaria. Resérvase un 50% das prazas para cada colectivo profesional.

Requisitos para a obtención do diploma: Exame teórico tipo test (require superar o 80% das preguntas). Exame de práctica integrada: simulación dunha situación de parada cardiorrespiratoria que debe ser tratada pola/o alumna/o como director/a do equipo.

**Obxectivos:** coñecer o substrato teórico e adquirir as habilidades técnicas que configuran o soporte vital avanzado co fin de previr e tratar o paro cardiorrespiratorio: Recoñecer a perda de consciencia. Realizar a apertura da vía aérea. Diagnosticar unha parada cardiorrespiratoria. Realizar adecuadamente as manobras de RCP básica. Realizar o illamento da vía aérea. Manexar adecuadamente as vías venosas. Coñecer o manexo das drogas que se utilizan no tratamento da PCR. Monitorizar o paciente para recoñecer e tratar as arritmias máis frecuentes. Realizar as técnicas de desfibrilación, cardioversión e electroestimulación cardíaca transcutánea. Integrarse no equipo de tratamento da PCR como director ou como parte del.



Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2209361	C.H.U. DE LUGO	25, 26, 27, 28 e 29 de abril de 2022	16:30 – 20:30
2209365	C.H.U. A CORUÑA	7, 8, 9, 10 e 11 de novembro de 2022	16:30 – 20:30
2209362	VIGO (A.P.)	9, 10, 11, 12 e 13 de maio de 2022	16:30 – 20:30
2209366	C.H.U. DE SANTIAGO	21, 22, 23, 24 e 25 de novembro de 2022	16:30 – 20:30
2209363	C.H.U. DE OURENSE	23, 24, 25, 26 e 27 de maio de 2022	16:30 – 20:30

## REANIMACIÓN NEONATAL E PEDIÁTRICA

Nº de horas: 20

Nº de prazas: 18

**Destinatarios:** médicas/os, pediatras, enfermeiras/os e enfermeiras/os especialistas en pediatría. Por orde preferente: 1º) unidades de pediatría e neonatos. 2º) Urgencias hospitalarias e PAC. 3º) Resto de unidades de atención primaria e hospitalaria.

**Obxectivos:** coñecer as técnicas de reanimación en Neonatos e Pediatría. Reanimación na sala de partos. Pautas de actuación en situación de parada. Estabilización e transporte. Saber ventilar un paciente co uso da máscara. Tratar a desobstrución da vía aérea. Utilizar un DESA con seguridade e eficacia e mantelo en óptimas condicións.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2209367	HOSPITAL PÚBLICO DE CEE	5, 6, 7, 8 e 9 de setembro de 2022	16:30 – 20:30
2209368	C.H.U. DE SANTIAGO	19, 20, 21, 22 e 23 de setembro de 2022	16:30 – 20:30
2209369	C.H.U. DE OURENSE	3,4,5,6 e 7 de outubro de 2022	16:30 – 20:30





## OBRADOIRO DE SUTURAS E CIRURXÍA MENOR

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 22

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) médicas/os, enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e enfermeiras/os especialistas en pediatría de atención primaria e urgencias hospitalarias. 2º) resto de médicas/os, enfermeiras/os e enfermeiras/os especialistas en pediatría.

**Obxectivos:** promover o desenvolvemento de habilidades profesionais para a realización de suturas e cirurxía menor. Dar a coñecer os aspectos médico legais relacionados coa cirurxía menor.

Ensinar técnicas de anestesia local. Identificar o instrumental cirúrxico que se emprega nestas técnicas. Dotar de habilidades practicas para as técnicas cirúrxicas empregadas nas suturas. Actualizar os coñecementos sobre as técnicas precisas en diferentes intervencións de cirurxía menor.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2209370	C.H.U. DE LUGO	19 e 21 de abril de 2022	16:30 – 20:30
2209371	C.H.U. DE PONTEVEDRA	26 e 28 de abril de 2022	16:30 – 20:30

## MANEXO PRÁCTICO DO PACIENTE ASMÁTICO

Nº de horas: 4

Nº de prazas: 22

**Destinatarios:** por orden preferente: 1º) enfermeiros/as e enfermeiras/os especialistas en enfermería familiar e comunitaria de atención primaria e hospitalaria. 2º) enfermeiras/os especialistas en pediatría.

**Obxectivos:** diferenciar os conceptos de asma, obstrución bronquial e EPOC. Coñecer as diferenzas entre tratamento broncodilatador e antiinflamatorio, así como os seus efectos secundarios. Identificar os irritantes inespecíficos (tabaco, contaminación intradomiciliar), os alérxenos, os axentes sensibilizantes ocupacionais e drogas indutoras da asma. Coñecer e utilizar a terapia inhalatoria e a medición do fluxo expiratorio máximo (PEF). Identificar e corrixir cales son os erros máis comúns na aerosolterapia e a aplicación de nebulizacións. Evidenciar a necesidade de realizar educación para a saúde e o apoderamento do paciente na enfermidade asmática.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2209372	C.H.U. DE VIGO	5 de maio de 2022	16:30 – 20:30
2209373	C.H.U. DE VIGO (A.P.)	12 de maio de 2022	16:30 – 20:30





## SOPORTE RESPIRATORIO INVASIVO E NON INVASIVO.

Nº de horas: 12

Nº de prazas: 20

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) enfermeiras/os das unidades de críticos, urxencias, reanimación, unidades de hospitalización e ambulancias do 061, 2º) resto de enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, enfermeiras/os especialistas en saúde mental e enfermeiras/os especialistas en pediatría.

**Obxectivos:** Coñecer os coidados recomendados para o mantemento do paciente en ventilación mecánica invasiva (VMI) e soporte respiratorio non invasivo (SRNI), garantindo a seguridade e a práctica baseada na evidencia. Recoñecer as indicacións para a instauración da VMI e SRNI. Coñecer a dinámica ventilatoria e as adaptacións das modalidades segundo as indicacións, así como interpretar a monitorización dos ventiladores e monitores de cabeceira. Identificar os procedementos xeradores de aerosois e as técnicas para minimizar o risco. Ser capaz de recoñecer as complicacións e aplicar os coidados preventivos correspondentes.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2209374	C.H.U. DE PONTEVEDRA	3, 4 e 5 de outubro de 2022	16:30 – 20:30
2209375	HOSPITAL PÚBLICO DE BARBANZA	17, 18 e 19 de outubro de 2022	16:30 – 20:30
2209376	C.H.U. DE SANTIAGO	24, 25 e 26 de outubro de 2022	16:30 – 20:30
2209377	C.H.U. DE OURENSE	7, 8 e 9 de novembro de 2022	16:30 – 20:30

## ACTUALIZACIÓN EN ESTOMAS E SONDAS PARA GASTROSTOMÍA ENDOSCÓPICA PERCUTÁNEA

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 20

**Destinatarios:** enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, enfermeiras/os especialistas en saúde mental e enfermeiras/os especialistas en pediatría de atención primaria e hospitalaria.

**Obxectivos:** actualizar os coñecementos e as habilidades nos coidados de enfermaría dos pacientes con ostomías e sondas PEG.

Estomas de alimentación: sonda para gastrostomía endoscópica percutánea (PEG). Tipos de sondas. Indicacións e técnica de colocación. Coidados de enfermaría no paciente portador da PEG. Posibles complicacións e solucións. Técnica de substitución da sonda con sistema de balón.

Estomas de eliminación. Clasificación, causas, técnicas e comportamento das ostomías dixestivas e urinarias. Implicación da enfermaría nos coidados dun paciente ostomizado: fase preoperatoria e postoperatoria. Manexo de dispositivos: dispositivos continentes, colectores e accesorios. Complicacións dos estomas: tipos, causas e actuación da enfermaría.





Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2209378	C.H.U. DE VIGO	19 e 20 de abril de 2022	16:30 – 20:30
2209379	C.H.U. DE SANTIAGO	26 e 27 de abril de 2022	16:30 – 20:30

## ACTUALIZACIÓN EN CUIDADOS DE ENFERMARÍA NOS DIFERENTES ACCESOS VASCULARES

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 20

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en saúde mental e enfermeiras/os especialistas en pediatría de atención hospitalaria. 2º) Enfermeiras/os e enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria de atención primaria.

**Obxectivos:** dar a coñecer e adestrar as/os enfermeiras/os que traballan diariamente cos diferentes accesos vasculares. Principios básicos da terapia intravenosa. Tipos de catéteres. Bacteriemia zero. Flebite zero. Traballar con *bundles*. Recomendacións xerais para o uso de catéteres intravasculares. Manexo e cuidados dos PICC e MIDLINE.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2209380	HOSPITAL PÚBLICO DA MARIÑA	26 e 27 de abril de 2022	16:30 – 20:30
2209381	C.H.U. A CORUÑA	19 e 20 de abril de 2022	16:30 – 20:30
2209382	C.H.U. DE VIGO	3 e 4 de maio de 2022	16:30 – 20:30
2209383	C.H.U. DE PONTEVEDRA	10 e 11 de maio de 2022	16:30 – 20:30
2209384	C.H.U. DE FERROL	24 e 25 de maio de 2022	16:30 – 20:30



## POSTURAS FACILITADORAS DO PARTO

Nº de horas: 12

Nº de prazas: 18

**Destinatarios:** matróns/as de atención primaria e hospitalaria.

**Obxectivos:** coñecer e experimentar coas posturas que mellor se adaptan á biomecánica do corpo e facilitan o nacemento do bebé.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2209385	C.H.U. DE PONTEVEDRA	5, 6 e 7 de setembro de 2022	16:30 – 20:30

## COIDADOS E MOBILIZACIÓN DE PACIENTES CON PRÓTESE

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 22

**Destinatarios:** Por orde preferente: 1º) técnicas/os en coidados auxiliares de enfermaría e celadores. 2º) enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, enfermeiras/os especialistas en saúde mental e enfermeiras/os especialistas en pediatría.

**Obxectivos:** dominar as técnicas de mobilización segundo o tipo de prótese. Coñecer os coidados pre e postoperatorio e as posibles complicacións. Adquirir coñecementos para educar sobre os autocoidados hospitalarios e no domicilio.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2209386	C.H.U. DE LUGO	6 e 7 de setembro de 2022	16:30 – 20:30
2209387	C.H.U. DE VIGO	13 e 14 de setembro de 2022	16:30 – 20:30
2209388	C.H.U. DE OURENSE	20 e 21 de setembro de 2022	16:30 – 20:30
2209389	C.H.U. DE PONTEVEDRA	27 e 28 de setembro de 2022	16:30 – 20:30







## TERAPIA OROFACIAL

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 22

**Destinatarios:** terapeutas ocupacionais, logopedistas e fisioterapeutas.

**Obxectivos:** adquirir coñecementos sobre terapia orofacial. Saber realizar unha valoración estrutural: musculatura e sensibilidade orofacial. Saber avaliar a mastigación e a deglutición. Coñecer os trastornos orofaciais máis frecuentes e as técnicas de tratamento.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2209390	C.H.U. DE PONTEVEDRA	3, 4 de maio de 2022	16:30 – 20:30

## OBRADOIRO SOBRE ADMINISTRACIÓN DE ENEMAS

Nº de horas: 4

Nº de prazas: 22

**Destinatarios:** técnicas/os en coidados auxiliares de enfermaría de atención hospitalaria.

**Obxectivos:** adestrar nos coñecementos sobre os distintos tipos de enemas e técnicas de administración. Adestrar nos procedementos e precaucións que se deben ter en conta na administración dos diferentes tipos de enemas. Coñecer os protocolos de actuación segundo a finalidade da administración de enemas e o tipo de paciente.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2209391	C.H.U. DE PONTEVEDRA	21 de abril de 2022	16:30 – 20:30
2209392	C.H.U. DE FERROL	28 de abril de 2022	16:30 – 20:30



## COIDADOS POSTURAIAS AO PACIENTE ENCAMADO

Nº de horas: 4

Nº de prazas: 22

**Destinatarios:** técnicas/os en cuidados auxiliares de enfermaría e celadores de atención hospitalaria, con preferencia para as unidades de hospitalización, UCI e REA.

**Obxectivos:** actualizar coñecementos sobre as técnicas para mover un paciente. Coñecer os riscos dunha mobilización inadecuada e as lesións que se poden presentar. Coñecer os protocolos de mobilización e aplicar os métodos correctos en función da patoloxía de cada paciente.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2209393	C.H.U. DE LUGO	15 de setembro de 2022	16:30 – 20:30
2209394	C.H.U. A CORUÑA	22 de setembro de 2022	16:30 – 20:30
2209395	C.H.U. DE VIGO	8 de setembro de 2022	16:30 – 20:30
2209396	C.H.U. DE VIGO	29 de setembro de 2022	16:30 – 20:30
2209397	C.H.U. DE PONTEVEDRA	13 de outubro de 2022	16:30 – 20:30
2209398	C.H.U. DE SANTIAGO	20 de outubro de 2022	16:30 – 20:30
2209399	BARCO	6 de outubro de 2022	16:30 – 20:30

## LIMPEZA, DESINFECCIÓN E ESTERILIZACIÓN DE MATERIAL


Nº de horas: 12

Nº de prazas: 22

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) técnicas/os en cuidados auxiliares de enfermaría de atención hospitalaria de unidades de esterilización. 2º) resto de técnicas/os en cuidados auxiliares de enfermaría. 3º) técnicas/os superiores en hixiene bucodental e perruqueiras/os.

**Obxectivos:** establecer as diferenzas entre limpeza, desinfección e esterilización. Adquirir coñecementos para poder clasificar os distintos métodos de desinfección en función da súa utilización. Manexo de produtos desinfectantes. Unificar criterios de actuación. Adquirir coñecementos sobre as diferentes técnicas de esterilización do material. Manexo do autoclave e preparación do material previo á esterilización e para a esterilización. Controis de calidade.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2209400	HOSPITAL PÚBLICO DA MARIÑA	2, 3 e 4 de maio de 2022	16:30 – 20:30
2209401	C.H.U. DE PONTEVEDRA	20, 21 e 22 de xuño 2022	16:30 – 20:30





## ANÁLISES E CITOLOXÍAS DE SECRECIÓNS E LÍQUIDOS CORPORAIS

Nº de horas: 12

Nº de prazas: 22

**Destinatarios:** técnica/o superior en Laboratorio de Diagnóstico Clínico e técnicas/os superiores en Anatomía Patolóxica e Citoloxía.

**Obxectivos:** manexar adecuadamente os colectores necesarios para a obtención de mostras así como a súa orde de enchido e procesamento. Aplicar as consideracións preanalíticas relativas a tempos mínimos e/ou máximos de conservación e tratamento das mostras. Adquirir os coñecementos que permitan valorar as vantaxes e inconvenientes e limitacións entre métodos manuais tradicionais e de citometría de fluxo para o recuento celular e diferencial destas mostras e, polo tanto, discriminar correctamente o seu uso e aplicabilidade. Adecuado manexo de frotis/extensiones destas mostras: Realización e estudo básico delas para a citoloxía diferencial. Interpretar correctamente a información proporcionada polos citómetros de fluxo.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2209402	C.H.U. DE SANTIAGO	20, 21 e 22 de abril de 2022	16:30- 20:30
2209403	C.H.U. DE OURENSE	27, 28 e 29 de abril de 2022	16:30- 20:30

## A ESPECTROMETRÍA DE MASAS MALDI-TOF NO LABORATORIO DE MICROBIOLOXÍA CLÍNICA

Nº de horas: 12

Nº de prazas: 22

**Destinatarios:** técnica/o superior en Laboratorio de Diagnóstico Clínico.

**Obxectivos:** dotar os técnicos de laboratorio das ferramentas necesarias para o manexo do equipo, e das distintas aplicacións que podemos realizar con el, desde a identificación microbiana, ata a detección de resistencias e tipado epidemiolóxico..

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2209404	C.H.U. DE SANTIAGO	2, 3 e 4 de maio de 2022	16:30 – 20:30





## INTRODUCCIÓN ÁS TÉCNICAS DE BIOLOXÍA MOLECULAR APLICADA EN ANATOMÍA PATOLÓXICA

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 22

**Destinatarios:** técnicas/os superiores en Anatomía Patolóxica e Citoloxía.

**Obxectivos:** comprender a estrutura e as funcións dos ácidos nucleicos e das proteínas. Coñecer os fundamentos da replicación, tradución e transmisión dos xenes e a súa aplicación no diagnóstico molecular. Interpretar os resultados dos estudos xenéticos para o diagnóstico das enfermidades hereditarias (extracción e amplificación de ADN e ARN de sangue ou mostra biolóxica, análise cromosómica, secuenciación Sanger, PCR-RFLP ...). Interpretar os estudos de expresión de xenes e proteínas para o diagnóstico molecular ou a investigación clínica (RT-PCR, Western Blot...).

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2209405	C.H.U. DE VIGO	20 e 21 de setembro 2022	16:30 – 20:30
2209406	C.H.U. DE PONTEVEDRA	18 e 19 de outubro 2022	16:30 – 20:30

## ACTUALIZACIÓN NA PARASITOLOXÍA

Nº de horas: 4

Nº de prazas: 22

**Destinatarios:** técnicas/os superiores en Laboratorio de Diagnóstico Clínico. Por orde preferente: 1º) laboratorios de Microbioloxía. 2º) resto de laboratorios.

**Obxectivos:** coñecer o papel que levan a cabo os parasitos intestinais como axentes patóxenos. Coñecer cales son os ciclos de transmisión destes axentes patóxenos. Adquirir ou actualizar coñecementos sobre as características xerais dos parasitos susceptibles de colonizar o corpo humano. Coñecer cales son as mostras adecuadas e os seus medios de transporte para a correcta visualización das formas parasitarias. Saber visualizar no microscopio as formas parasitarias máis comúns colonizadoras do aparello dixestivo e xenitais así como do torrente sanguíneo: *Ascaris lumbricoides*, *Giardia lamblia*, *Trichomonas spp* etc.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2209407	C.H.U. A CORUÑA	12 de maio de 2022	16:30 – 20:30
2209408	C.H.U. DE VIGO	19 de maio de 2022	16:30 – 20:30
2209409	C.H.U. DE FERROL	21 de abril de 2022	16:30 – 20:30
2209410	C.H.U. DE OURENSE	5 de maio de 2022	16:30 – 20:30





## COMUNICACIÓN E TRABALLO NUN EQUIPO MULTIDISCIPLINAR

Nº de horas: 12

Nº de prazas: 22

**Destinatarios:** todos os profesionais do Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** analizar a actividade cotiá co obxectivo de obter un diagnóstico/balance dos puntos fortes e débiles na utilización das habilidades e técnicas obxecto do curso. Analizar os principais obstáculos –tanto internos como externos– existentes para unha utilización óptima da comunicación interpersonal. Practicar algunhas técnicas para a mellora das habilidades comunicativas. Analizar as vantaxes e as posibles dificultades que representa o traballo en equipo.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2209411	C.H.U. DE VIGO	11, 12 e 13 de abril 2022	16:30 – 20:30
2209413	C.H.U. DE VIGO (A.P.)	4,5 e 6 de abril 2022	16:30 – 20:30
2209414	C.H.U. DE FERROL	25, 26 e 27 de abril 2022	16:30 – 20:30

## HABILIDADES DE COMUNICACIÓN COS PACIENTES E FAMILIARES

Nº de horas: 12

Nº de prazas: 22

**Destinatarios:** todo o persoal sanitario e traballadores/as sociais.

**Obxectivos:** coñecer como nos comunicamos a través da reflexión e mediante exercicios. Desenvolver o concepto de «comunicación interna» para posteriormente traballar na comunicación efectiva ou empática cos demais. Incrementar a capacidade comunicativa do persoal tanto no trato co usuario como co compañeiro. Desenvolver a capacidade para identificar e xestionar con eficacia os nosos estados emocionais co fin de levar a cabo comunicacións efectivas con usuarios e compañeiros. Dominar ferramentas de valor nas temáticas relacionadas coa capacidade comunicativa, social e emocional que permitan facilitar o día a día. Coñecer e desenvolver as fortalezas e trazos positivos do carácter. Coñecer recursos para favorecer o benestar e mellorar as relacións persoais.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2209415	C.H.U. DE VIGO	23, 24 e 25 de maio de 2022	16:30 – 20:30
2209416	HOSPITAL PÚBLICO DA MARIÑA	5, 6 e 7 de setembro de 2022	16:30 – 20:30
2209417	HOSPITAL PÚBLICO DE MONFORTE	19, 20 e 21 de setembro de 2022	16:30 – 20:30
2209418	HOSPITAL PÚBLICO DE CEE	12, 13 e 14 de setembro de 2022	16:30 – 20:30
